




PLAN DE MELLORA DA CONVIVENCIA PARA



3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

OBXECTIVOS DO PLAN

- Favorecer que o alumnado sexa consciente do seu comportamento.
- Lograr que o alumnado sexa capaz de regular o seu ton de voz na aula.
- Fomentar o autocontrol de condutas e emocións.
- Favorecer a resolución de conflitos a través da escoita.




As tres vidas

Trátase de que o alumnado sexa consciente, de maneira visual, de como está sendo o seu comportamento.



Cada alumno terá 3 vidas, se incumple algunha das normas da aula o mestre retirarlle unha delas. Poderá recuperala se cambia a súa actitude.

Se consiguen manter as tres vidas nun período establecido de tempo poden ter algunha recompensa.



A pataca do comportamento

Trátase de ir premiando o comportamento do alumnado, de maneira que cada semana irán recompilando accesorios para decorar a súa propia pataca ao seu gusto.



O semáforo


Trátase de facer ver ao alumnado o ton de voz que se precisa segundo a actividade, de maneira que poidan diferenciar cando se precisa silencio absoluto e cando non.



Se a mestra sinala a luz vermella, os nenos e nenas deben permanecer en silencio, traballando de xeito invidiual.



Se o mestre sinala a luz amarela, os nenos e nenas deben falar en ton baixo. Utilizarase este ton cando traballen por parellas ou en pequeno grupo.





Se o mestre sinala a luz verde, os nenos e nenas deben falar en ton alto. Utilizarase cando se traballe en gran grupo.

O recuncho da calma



Trátase de darlle a oportunidade ao alumnado de poder relaxarse cando así o precisen. Así pois, neste rincón poderán ter diferentes materiais e recursos como: labirintos, xoguetes que relaxen (pop its), botella da calma (con purpurina), pelotas antiestrés, cubo de rubik, mandalas, coxíns entre outros.



O recuncho


boca - orella



Co obxecto de facer entender ao alumnado a importancia de escoitar e deixar expresarse á outra persoa, entregaráselle un coxín a un alumno con forma de boca para que teña o papel de emisor. Pola contra, o outro alumno recibirá o papel de receptor de maneira que se lle entregará o coxín con forma de orella. O obxectivo, aprender a escoitarnos.

O buzón das suxerencias

Xa que a voz do alumnado ten tanta importancia como a do profesorado, é importante cederlles a voz. Para iso, crearíase o buzón das suxerencias no que poidan comentar aquilo que consideren de maneira que fomentaríamos a convivencia na aula.



APRENDIZAXE COOPERATIVO

Algúns dos beneficios que nos pode aportar o uso desta metodoloxía na aula para mellorar a convivencia son:

- Mellora a implicación e a iniciativa do alumnado.**
- Fomenta as habilidades sociais: interacción entre o alumnado, respecto, comprensión...**



ESTABLECER ROLES/ENCARGADOS ENTRE OS EQUIPOS E DE AULA

Establecendo encargados de aula damos aos nenos e nenas unha pequena responsabilidade.

É importante que os encargados sexan rotatorios para que o alumnado sexa consciente e responsable das diversas tarefas que teñen que facer.

Exemplos de encargados:

- Fila.
- Fotocopias.
- Reparto de material.
- Limpeza.
- Biblioteca

